



## RESUMO DO PROCEDEMENTO PARA A DISTRIBUCIÓN DE MÁSCARAS ENTRE O ALUMNADO. CURSO 2020/2021

PARTIDA DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

**Normativa:** Orde do 6 de novembro de 2020 (DOG 13/11/2020)

**Prazo de presentación de solicitudes:** Do 16 de novembro ata 27 de novembro de 2020 (ambos dous incluídos)

**Lugar de presentación:** Na secretaría do centro. Con cita previa.

### **Requisitos:**

1. Alumnado matriculado no curso 2020/2021 en Ed. Primaria beneficiario da axuda para material escolar (obtivo cheque de 50 €). **Neste caso o alumnado está exento de presentar a solicitude e concédenselle as máscaras de xeito automático en canto haxa stock.**
2. Alumnado matriculado no curso 2020/21 en Ed. Primaria que non presentou solicitude para axuda de material escolar e teñan unha renda per cápita igual ou inferior a 6000€ (exercicio fiscal 2018)\*
3. Alumnado matriculado no curso 2020/21 en Ed. Primaria con discapacidade igual ou superior ao 65 % independentemente á renda familiar.

**\*Renda familiar per cápita = renda familiar dividida entre o número de membros da familia computables.**

*Cálculo da renda familiar = (casilla 435+ casilla 460)/número de membros da unidade familiar*

- ★ *Son membros da unidade familiar (situación familiar a 31 de decembro de 2018)*
- ★ *Pais non separados legalmente ou titores.*
- ★ *Pais, non casados, que convivan.*
- ★ *Pais separados legalmente ou divorciados con custodia compartida.*
- ★ *Fillos menores de idade salvo os emancipados.*
- ★ *Fillos maiores de idade con discapacidade suxeitos a patria potestade.*
- ★ *Fillos solteiros menores de 25 anos que convivan ata 31 decembro 2018 .*
- ★ *Membro unidade familiar con discapacidade igual ou superior o 33%. conta por dous membros (Tamén percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez ou equivalente de clases pasivas).*

### **Documentación a presentar:**

- **Anexo I e II** (a vosa disposición na secretaría do centro, na web do centro, no portal da Consellería de Educación e na sede electrónica da Xunta de Galicia).
- **Copia do Libro de Familia** no que figuren todos os membros da unidade familiar. (Traer tamén orixinal para facer comprobación) **Se NON TEÑEN Libro de Familia ou a situación familiar é**



**diferente á especificada no Libro de Familia** poderán acreditar o número de membros empregando algún destes medios:

- No caso de separación ou divorcio, sentenza xudicial de separación ou divorcio ou o convenio regulador onde conste quen ten a custodia do menor.
  - Certificado de empadramento da unidade familiar.
  - Certificado do concello que acredite a situación familiar.
- 
- **Certificado de discapacidade de calquera membro computable** da familia recoñecido por órgano que non pertenza á Xunta de Galicia
  - No caso de **violencia de xénero no ámbito familiar**, documentación que o acredite.
  - No caso de que o pai e a nai ou titores/as do alumnado non teñan DNI ou NIE, certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe de servizos sociais do Concello.

**Farase a consulta automática dos seguintes datos: dni ou nie, declaración da renda, percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta e grande invalidez e grao de discapacidade recoñecida pola Xunta de Galicia. No caso de que os interesados non autoricen a consulta automáticas deste datos terán que achegar a documentación correspondente.**

**As familias que teñen máis de 1 fillo no centro realizarán unha única solicitude.**